



H. C. Andersen



Manuel María



Lorenzo Varela

NESTE Nº

- O baúl das novas
- A vendima
- O carro
- Cancións para xogar



Editorial

Neste curso estamos de cumpreanos. Cumpre tres anos o noso xornal; cumpre cen anos **Xulio Verne** e a literatura de **ciencia ficción**; cúmprense douscentos anos do nacemento de **Hans Christian Andersen** e por último, cumpre catrocentos anos o libro de **Miguel de Cervantes : Don Quixote da Mancha...**

Facemos referencia especial ao poeta e escritor galego **Manuel María** que nos deixou fai uns meses e tamén a **Xesús Lorenzo Varela** a quen se lle dedica este ano o **Día das Letras Galegas**

E por último dicirvos, que xa temos a disposición de quen a queira consultar, a nosa páxina web:

[Http://centros.edu.xunta.es/ceipsacoeerce](http://centros.edu.xunta.es/ceipsacoeerce)

De todo isto e moito máis trata este novo número do noso: **Cataventos...**




Sumario

EDITORIAL	páxina 1
O TEU CONCELLO	páxina 2
RECICLAXE	páxina 3
VENDIMA	páxina 4
O CARRO	páxina 5
CON SABOR	páxina 6
A CASTAÑA ROSA	páxina 7
O MAGOSTO	páxina 8
O SAMAÍN	páxina 9
O NADAL	páxina 10
CÓMIC	páxina 11
VIMOS EN SON DE PAZ	páxina 13
RIMADOIRO	páxina 14
O ENTROIDO	páxina 15
CONTACONTOS	páxina 16
O BAÚL DAS NOVAS	páxina 17
LOITADOR DA PAZ	páxina 18
A AVENTURA DOS MUIÑOS	páxina 19
BOLETÍN DE NOTAS	páxina 21
ANDERSEN	páxina 22
COPLAS	páxina 23
LORENZO VARELA	páxina 25
AS LETRAS GALEGAS	páxina 26
XULIO VERNE	páxina 27
ENTRE NÓS	páxina 28
MIAU	páxina 29
SOS BOSQUES EN PERIGO	páxina 30
ANIMALS	páxina 31
ZAMPATEMPOS	páxina 32
LEMBRANZA A M. MARÍA	páxina 33
OS SOÑOS DAS ÁRBORES	páxina 35
DEPORTE ESCOLAR	páxina 36
CANCIÓNS PARA XOGAR	páxina 37
PARA PENSAR E RIR	páxina 38

COÑECES O TEU CONCELLO?

Este ano estamos a elaborar a web do centro. Para unha das páxinas fixemos uns debuxos de lugares representativos do concello e colocámoslos no mapa de Toén. A páxina chámase LOCALIZACIÓN. Estes son algúns dos debuxos que fixemos. Agora tócache a ti situalos no mapa do concello (podes visitar a web se non sabes algunha).

 <p>Colexio</p>	 <p>Concello</p>	 <p>Pombal e canastros</p>	 <p>Torre do Olivar</p>
 <p>Casa de Saco e Arce</p>	 <p>San Pedro de Moreiras</p>	 <p>Campo Fútbol</p>	 <p>Santa M^a de Mugares</p>



[Http://centros.edu.xunta.es/ceipsacoearce](http://centros.edu.xunta.es/ceipsacoearce)

CONCURSO CALENDARIOS 2005

“A SEPARACIÓN DO LIXO”

O concello organizou 2º concurso encadrado na campaña de sensibilización cara a separación do lixo. Fixemos uns debuxos e uns lemas para editar uns calendarios. Repartímosllos ós nosos pais, familiares e amigos.



O concello mandoulle un ano mais, un calendario a cada veciño xunto coa felicitación de Nadal.

Participamos todos os nenos do colexio.




Encantounos ver os nosos debuxos nos calendarios. Quedaron moi vistosos!




En moitos pobos do concello aínda non hai os tres tipos de contedores

Lemas: “Se desexas reciclar pon o lixo no seu lugar”. “Xogando, xogando imos reciclando”. “Reciclar é o teu futuro”. “Gana a carreira da reciclaxe”. “A natureza agradéceche o que fas por ela”.



Desexamos que o concello facilite a nosa tarefa da separación do lixo



A Vendima en Ourense

(Noel Álvarez e Adrián González)

A vendima é a época do ano na que os veciños do Ribeiro e de Valdeorras, entre outros, recollen a colleita de uvas.

Cáse sempre se vendima en setembro, polo menos no Ribeiro, aínda que non ten día fixo, iso depende do grado da uva e cando o diga a Cooperativa .

Segue este **proceso**:

- Córtañse os açios nas cepas



- Cãrganse en culeiros, caixas, tinas ou cestos



- Transportase en tractores ou camiões as adegas.



Tódolos anos en Alongos, para descargar as uvas na cooperativa, os tractores forman unha ringleira enorme.

Todos falan e falan para pasar o tempo, pero nós, organizámonos ben, dous homes carrexan as caixas para o tractor, que conduce un home chamado Aurelio, e o resto vendiman as uvas .

Utilízanse moitas ferramentas:

Tesoiras, ganchelos, culeiros, caldeiros, cestos, sacos, carretillas, tractores, camiões, estruxadoras, moxega...



Clases e tipos de uvas:

Branca e tinta

Variedades: Xerez, treixadura, torrentés, godello, alvariño, mencia, moscatel, garnacha, alvilla e alicante



Proceso do **Viño**: Písanse no lagar ou coa estruxadora e deixase na cuba para que ferva.




Cando para de ferver precíntase o recipiente con sebo ou barro.

Despois dun mes abíllase o pipote e sepárase o viño do bagazo. Co bagazo faise a caña ou augardente.



O carro

Por Marta Alén, Carolina, Miguel, Andrea, Jessica, Stephanie, Alex, Borja e Martín.



CARRO. DERRA DEIRO
VEN CARGADO OU VEN BALEIRO

Tiraban do carro unha xugada de bois ou unha canga de vacas

Co eixe e as rodas do carro moito coitado



O que ten carro e muller,
sempre ten que facer



para o carro e mevaranche o bois

Cando leva herba ou toxos, colócanse uns estadullos para que non caia a carga.

O carro era o medio de transporte que se utilizaba antigamente en Galicia



Un carro non anda cunha roda soa



Por onde entra o carro mellor entra o conxelino

O carro mais mellor pódese torcer



CON SABOR A OUTONO


Proponémosche un menú con sabor, axeitado a esta época do ano.

Para ir comezando:

Cogomelos

Nunha tixda quentamos 4 culleradas sopeiras de aceite de oliva. Botámolle 6 dentes de allo picado e 4 cogomelos grandes e sálase. Deixase cozer 7 minutos e xa está.

Receta recollida por Lucas Suárez



Para ir continuando

Xabarin con castañas



Ingredientes

- 1 kg de castañas peladas
- 1 kg de xabarin, 2 cebolas
- 1 l. de viño tinto
- 3 dentes de allo, 1 rama fiúncho
- 1 rama de romeu, perexil, tomiño
- 2 follas de loureiro
- 4 grans de pementa e 4 de cravo
- 1 culleriña de fariña
- 1 vaso de aceite, sal
- 50 g de manteiga de vaca

Preparación:


A carne troceada de xabarin, ponse nun recipiente co viño, romeu, loureiro, tomiño, perexil, pementa e sal, durante 48 horas.

Quéntase o aceite nunha cazola de barro, dórase a cebola, o xabarin e a metade do líquido do adobo.

Deixase cozer lentamente 45 minutos.

Engádenselle as castañas e deixase cozer unha hora

Receta recollida por Juan Calviño



Para ir rematando

Torta de Castañas



Ingredientes:

- 750 gr de castañas
- 150 gr de fariña
- 1/4 libro de leite
- 50 gr de manteiga
- 3 ovos
- Anís, azucre, chocolate e sal

Preparación:

Cócese as castañas con anís e sal. Pélanse. Por outro lado mestúranse a manteiga, o leite, a fariña e os ovos coas castañas. Mestúrase ben.

Métese o forno e cando xa está lista cúbrese cunha capa de chocolate.

Receta recollida por Andrés Fernández.

Unha caída con sorte


Érase unha vez unha castaña chamada Rosa. Rosa vivía en Inglaterra co seu irmán dentro dun precioso ourizo. Un día de moito vento caeron á chan e tiveronse moito dano.



- ¡Ai! Como dolé
- Pois a min non me fales ¡Au! que caída.

Pouco despois viñeron dous nenos.

- ¡Ei! mira cantas castañas.
 - Hai tantas que vamos a encher un saco.
- Os nenos cargaron co saco ían dispostos a facer un gran magosto pero non se decataron de que o saco teña un burato.



Rosa caeu no chan e alí viviu feliz ata que un bo día Rosa decatouse de que se convertera nun frondoso castiñeiro.

Brais. 4º



O MAGOSTO



O día 12 de Novembro fomos do colexio até a Área Recreativa de Toén, onde fixemos o "MAGOSTO".

Cando xa chegamos todos os nenos e nenas fomos ó parque a xogar. Noel, Adrián, Xoán, Lucas, David, eu e os nenos/as de 1º curso axudamos ós profesores a buscar leña e frouma para asaras castañas.

Os de 3º e 4º que eramos nós, estábamos escondendo tarxetas de pistas para o Xogo da "Búsqueda do Tesouro."



Ó acabar de comer fomos outra vez a xogar no parque. Despois uns nenos pintáronse e outros non. Os profesores avisáronnos para facer uns xogos: O 1º xogo consistía en correr cun pé atado. O 2º en intentar dar un mordisco a unha masa. O 3º xogo era levar unha culler na boca cunha castaña. O último era o do Tesouro.

Ó final cando chegamos o colexio Don Pepe repartiunos unhas buxainas. Foi un Magosto xenial. Andrés. 4º



O SAMDÁN



Fai 2600 chegaron a Galiza os Celtas. Xa descubriran a metalúrxica. Como diferentes pobos consideraban as cabezas dos inimigos, trofeos de guerra, un misterio dos humanos. Os Celtas metíanlle unha vela as cabezas dos inimigos e púñanas nos cruces dos camiños, nas súas murallas ... Deste xeito arrepiaban os seus inimigos .

Agora cambiáronse as cabezas por as típicas cabazas de Halloween. Os rapaces celebran esta data para asustar cos disfraces e as cabazas, as mesmas que en tempos pasados arrepiaban os adversarios .

Adrián González. 6º curso



Queres facer a túa cabaza? Aquí che damos os pasos a seguir para que te atrevas a facela e a coloques fóra da túa casa na noite de Santos.



Primeiro baleiramos as cabazas, facémoslle uns buratos, para os ollos, nariz e boca, que metan medo.



Colocámoslle unhas candeas no interior e xa están listas.



Festival de Nadal 2004



Canitas horas de ensaio para demostrar que somos uns artistas cantantes, actores... A min tocarme ensaiar con Sali que é moi esixente. O baile faríamolo 50 veces e a obra do coelliño Branco, na que participamos toda a clase, un moqollon de veces. Martín



A min as actuacións que mais me gustaron foron o Baile galego, o Coelliño Branco e Bailando con Melodía. O ano que ven gustaríame facer outro baile. Jessi.

Eu quero desfilar como modelo. Estefani.

O ano que ven quero facer mimo. Carola.

A min gustaríame contar chistes. Andrea.




Érase unha vez unha princesiña que estaba moi triste e sen compañía.

E para alegrala, Alicia e a Ratiña unha festa organizaron.



Eh, ti Alicia, a da melena, baixa de presa que imos organizar unha grande festa!!


Se dunha festa se trata, eu non me opoño, voume por guapa e facerme un moño.



Tamén Carapuchiña co seu auto novo anotarse quere a ese gran alboroto.



Invitarei ó lobo...¡¡ É tan guapiño el...!!! Ten unha boca ...! Que está para comer!!!



Salam malecúm. Ola ! ¿ que tal? Eu de lonxe veño...¡¡Son Alí Baba!!...e nesta festa vou participar...!!

Ó Xastríño Valente temos que invitar...de seguro que na festa...!!! Moitas moscas haberá...!!!



Falta Cinsenta e A Bela Durminte.... Non poden estar...¡¡Por un incidente!!



Os tres porquiños, que brincando estaban tamén decidiron...¡¡¡Que participaban!!!



Un Ratiño Fraco que nun queixo rilla apúntase á festa para poñer leda á súa barriga.



O Gato Con Botas non pode vir....De noite pelexando....¡¡¡Quebrou o nariz!!!



Rinnnggg, Rinnnggg.....

-Si?...

Pinocho, acaba de anunciar que nun anaquiño...¡¡Aquí estará!!!



-El fará que os soños que tod@s soñamos realidades se fagan por miles de anos!!



...¡¡¡ Sorpresa, sorpresa....!!!

...¿ Falta alguén máis?

...¡¡¡Siíiiiiii!!!!

...¡¡A estrela da festa...

...¡¡¡O noso Shin Chan!!!

....¡¡¡¡CUÍÑO, CUÍÑO...!!!!

Alicia e A Ratiña seguían anotando a tod@s aqueles que ían chegando.



Pero Brancaneves cos sete ananiños... eles serán a atracción dos máis pequeniños.



Un tal Harry Potter, coa súa vara máxica acaba de anunciar a súa chegada...



Xa tod@s na festa dispostos están a que agora a Princesa...¡¡Non se aburra xamais!!!



O DÍA DA PAZ

XOGO=DIVERSIÓN

O día da Paz, celebrouse o día 2 de febreiro de 2005. Os nenos e nenas de 1º ciclo, 2º ciclo e 3º ciclo pintamos unha pomba que estaba debuxada na parede do patio da escola. Pola mañá os nenos/as de infantil foron as aulas cunhas pancartas que poñían: ¡Eu ♥ a paz!
A pomba que pintaramos, o seu lema era:

XOGO=DIVERSIÓN.

VIOLENCIA NON!



Os nenos/as de 3º ciclo leron un manifesto e os demais nenos e nenas repetiamos a última palabra de cada verso. Fixemos moitos xogos, pero o que máis me gustou, foi o que cantamos a vez que dabamos palmas. Paseino moi ben. Todos agas os pequeniños, temos algo relacionado coa Paz. Martes Alén. 3º.



O Entroido: Personaxes de contos

Este ano o tema dos disfraces foi: Personaxes de libros de contos e de aventuras. Escollemos un libro da biblioteca. disfrazámonos dos personaxes que máis nos gustaban.

O día 4 de febreiro fixemos o Entroido no colexio.

Nos disfrazámonos de Campanilla e de Peterpan, fixemos o disface con cartulinas e bolsas de lixo. Coas cartulinas azuis fixemos as plumas e co papel pinocho unha banda para o sombreiro. Tamén fixemos un cinto e un coitelo de cartón.

Pola tarde puxemos o disface e saímos a festa, había música e chucherías.

Pasámonos moi ben. Gabriel. 4º

Proba de axilidade visual. Atopa nesta sopa de letras os personaxes dos contos dos nosos disfraces

X	Ñ	X	M	O	L	C	I	G	A	L	W
A	S	E	T	A	S	A	N	C	H	O	B
S	Q	P	U	D	L	M	V	Q	P	B	M
O	U	H	D	C	I	P	N	U	I	R	H
B	I	I	M	G	U	A	T	A	T	U	S
K	J	R	K	M	T	N	A	S	A	X	R
X	O	N	O	P	E	I	E	A	R	A	V
S	T	F	F	D	U	L	C	I	N	E	A
H	E	U	H	I	C	L	M	L	I	M	R
C	A	B	D	A	T	A	X	U	T	A	C
X	H	A	R	R	Y	P	O	T	T	E	R
P	E	T	E	R	P	A	N	U	Z	N	E

- 1.- Neno mago que estudia en Howarts
- 2.- Sempre anda con Peterpan
- 3.- Neno que non quere medrar.
- 4.- Cabaleiro andante un pouco tolo.
- 5.- Escudeiro gordecho que monta en burro.
- 6.- Amor platónico do cabaleiro
- 7.- Personaxe de contos que monta en vasoira.
- 8.- Nome de bruxa.



Pequechos: de Bruxa Catuxa



1º Ciclo de Harry Potter



2º Ciclo Peterpan



3º Ciclo Don Quixote

¡cantos contos contamos!



"CAPERUCITA ROJA"



"EL LIBRO DE LOS MONSTRUOS"



"LA CENICIENTA"



"SIEMPRE TE QUERRÉ"



"MARÍA LUISIÑA"

O baúl das novas

O COLOSO WINDSOR EN CHAMAS.

Corresponsal: Juan Calviño


O edificio Windsor con 106 m e 32 plantas (foi unha das 1º torres de Madrid construída entre 1973/1979). A gran torre incendiouse o sábado ás 23:11 h. O octavo rañaceos mais alto de Madrid tivo que superar temperaturas de 1000 °. Para extinguir este incendio e para que non se propagara a outros edificios como “El Corte Inglés “, ou o Banco Central Hispano participaron 205 bombeiros, 48 sanitarios e 61 voluntarios, ademais dun hospital de campaña por si había feridos. O incendio comezou na planta 21 e seguiu ardendo cara arriba. Esperábase que a planta 17 funcionara coma corta fogos, pero non foi así. Tres bombeiros quedaron atrapados no interior da planta 21, e tiveron que ser rescatados. O momento mais alarmante aconteceu ás 3:35 h., cando se viñeron abaixo as fachadas a partir da planta 17. O terrible incendio durou 18 horas. Nestes momentos preparan métodos para derrubar os restos do esqueleto de formigón, pensaron montar un andamio e ir desmontando todas as partes danadas e xa se descartou facer unha voadura controlada por que podía afectar os inmobles próximos.

UN DÍA DE DESGRAZA E DOR

1º Aniversario do 11-M

Corresponsal: Noel Álvarez

Eu , non sei nin quero saber o que se sente o enterarse de que morreu un familiar o un amigo. Ou que ti, ou eu mesmo morrera ou resultara ferido. Pero imaxino que ten que ser doloroso. Que teñen que dar gañas de ir xunto quen fose e metelos no cárcere para a toda a vida.



Intento pensar como debe ser, ir no tren e de repente que explote unha bomba e que morran todos menos eu, pero son salpicado de sangue e vexo moitísima xente tirada ós meus pes, chea de sangue e sen un brazo ou algo así. Ó pensar nisto éntrame un medo no corpo que non me sae facilmente. Como deben de sentirse os causantes?




un ioitador pola paz




2º curso



O Papa saudando dende o balcón do Vaticano



Estefi




O Papa bicando o chan ao baixar do avión



O Papa cos pobres



O Papa polo mundo




O Papa no papamobil



O Papa, xa vello, en cadreira de rodas


DON QUIXOTE E ...



Chámase Breogán, o que aquí vedes cun libro enorme debaixo do brazo. Pediuno na biblioteca atraído polo coiro antigo da encadernación e os debuxos tan vellos que tiña.




Trataba dun home, xa vello, que gostaba de ler libros de cabaleiros. E tanto lía que toleou un pouquiño e quixo ser un deles. Tomou un veciño como escudeiro..., mentres Breogán, canso de tanto ler, quedou durmido.



- Non me faga dano, señor. Chámome Breogán e ando perdido.
- E eu D. Quixote e estamos na Mancha. Quen me acompaña son o meu escudeiro Sancho Panza e Rocinante. Breogán pediulle que o aceptase como aprendiz de escudeiro e así foi.



Polo camiño explicoulle como se tiña que comportar un cabaleiro. Tiña que ser amable, intelixente e forte. E tamén defender aos débiles e loitar sempre contra o mal.




Camiño adiante viron unhas estrañas siluetas - eses son malvados xigantes que veñen arrasar estas terras. Temos que loitar contra eles - dixo Don Quixote.
- Señor, non é por levar a contraria, mais xuraría que son muíños de vento - comentou Sancho Panza.



Cando estaban moi perto, Don Quixote correu cara eles. Abaneando os brazos e coa lanza ben agarrada, foi directo a atacalos a galope do seu cabalo.

A AVENTURA DOS MUIÑOS



Don Quixote espetou con forza a lanza nos brazos do xigante, mais en verdade era a aspa dun muíño, que o atrapou cando xiraba.



Don Quixote deu voltas prendido do muíño. E vendo que non paraba, Sancho e Breogán lanzáronlle unha corda para baixalo á terra.



Non tivemos derrota ningunha, pois non loitamos contra xigantes, senón contra muíños de vento- explicou Breogán. Don Quixote quedou con cara de pampo e ollou para os muíños.



Don Quixote non entendía o que pasaba — Isto, sen dúbida, é cousa máxica; obra do feiticeiro Frestón que gosta facer facaltruadas. O que antes eran xigantes agora son simples muíños.



Pasado o susto, comezou a gabar o seu escudeiro Sancho Panza e o seu novo aprendiz. Mais Breogán, nese mesmo intre, sentía sono e só tiña gañas de durmir...












...E durmíu tanto que acordou para a hora de cear. E xa na cama outra vez, entroulle gana de buscar novas aventuras lendo máis páxinas daquel libro máxico.

Escola de Simeón de Nazaret

BOLETÍN de NOTAS

Alumno: **Xesús de Nazaret**

<p><u>Matemáticas:</u> NM Non sabe nada, só conta pans e peixes.</p> 	<p><u>Dominio da suma:</u> NM Afirma que El e seu pai son a mesma persoa</p> 	<p><u>Escritura:</u> NM Ven sen caderno e lapis, escribe sempre na area.</p> 
<p><u>Xeografía:</u> NM Sen sentido orientación, di que só hai un camiño ate o pai.</p> 	<p><u>Química:</u> NM Non fai os exercicios, xoga a transformar a auga en viño.</p> 	<p><u>Psicomotricidade:</u> NM En vez de aprender a nadar, anda sobre as augas.</p> 
<p><u>Expresión Oral:</u> NM Fala con pouca claridade faino en parábolas.</p> 	<p><u>Orde:</u> NM Perde todo na escola, e declara no posuír nada.</p> 	<p><u>Conduta:</u> NM Tendencia a falar con estranxeiros e xente de pouca fortuna.</p> 

CLAVES PARA A INTERPRETACIÓN DOS RESULTADOS

DA AVALIACIÓN CONTINUA

Progesa Adecuadamente ... **PA**
Necesita Mellorar **NM**

2ª AVALIACIÓN

Sinatura Mestre	Sinatura Pais
Asdo.:	Asdo.: S. Xosé e Virxe María
<p align="center">OBSERVACIÓNS PAIS (Xosé e María) Xosé pensa que hai que tomar medidas: “Xesús, se isto sigue así, podes por unha cruz nas vacacións de Semana Santa”</p>	

HANS CHRISTIAN ANDERSEN

1805-1875: 200 ANOS DE CONTOS

Hans Christian Andersen naceu na cidade danesa de Odense o 2 de abril de 1805, nunha familia con escasos recursos económicos: seu pai era zapateiro e súa nai lavandeira.

Cando Andersen tiña 11 anos, falece o seu pai. Nesta época marcha a Copenhague para intentar abrirse camiño como cantante. Xa de moi novo, alá polo 1830 publica o primeiro fascículo dos "Contos contados ós nenos". Viaxa a Francia e Italia e segue a publicar os seus contos máis famosos: "A Sereíña", "A vendedora de mistos", "Polgariña", "O Parruliño feo", "A Raíña das Neves", "Soldadiño de chumbo".




Andersen foi un grande viaxeiro e das súas viaxes publicou varios libros : " Reflexo dunha viaxe a Harz", " Libro de estampas"...Viviou dedicado por completo á literatura, e hoxe, despois de 200 anos do seu nacemento, segue a ser un dos autores máis importantes da literatura infantil.

ASÍ O CELEBRAMOS NÓS:

Un venres pola tarde, para conmemorar o **día internacional do libro infantil e xuvenil**, que este ano está dedicado a Hans Christian Andersen, xuntámonos todas/os na biblioteca e fixemos unha lectura en voz alta dos contos máis representativos deste autor. Entre eles: "O parruliño feo", "O traxe novo do emperador", "A vendedora de mistos", "A Raíña das neves" e "O Reiseñor". Nas aulas, traballamos algúns destes contos adaptándoos ós tempos de hoxe.





Coplas dos Maiores 2005


*Achégate maio
Non te demores
Tráenos agasallos
E un ramo de flores.*

*Agora, no cole
Xa estamos contentos..
Pintaron as portas...
Xa ía sendo tempo*

*As portas do cole
O Concello pintou
De cores moi marchosas
ique alegre quedou!*

*Non as pintaron
Con rotuladores
Pero, eso si...
icon moitas cores!*

*Viñeron os do Concello
A arranxar as portas
Daban pena velas
E agora están moi monas.*



*Tamén no colexio
Como podes ver
Temos unha pista
Que dá xenio ver*

*Despois dun tempo
De moito sufrir
Chegou o momento
De poder presumir*

*Agora na liga
Do deporte escolar
Cando xa remata...
Comezamos a gañar*

*Agora o colexio
Con tantas cores
Fai que marquemos
Moitos mais goles.*

*Este ano
Gañamos partidos
¿ por que será?
Eu non mo explico.*

*Este ano no Entroido
do noso colexio
fixemos disfraces
de contos moi vellos*

*No mércores de cinsa
Queimamos o meco
E choramos todas
Por un longo tempo.*

*Rematou o Entroido
E nós aquí quedamos
Agardando con ansia
Por un novo ano.*

*Os de quinto e sexto
Non erguen cabeza
Se estudian os verbos...
ique tempo lles queda!*

*Andan os pobriños
Coa lingua fóra
Xa case nin poden
iiComer á súa hora!!*

*iCantos traballos
Temos que facer.!
Din eles, doídos...
...é non pode ser!*

*Ultimamente
vai moito frío
Si saídes da casa,
Non esquezades o abrigo.*



*Este ano
Dona Marina xubilouse
¡Ai que peniña!
¡que boa era para os croques!*

*O profe de galego
Sempre nos fai copiar
Poemas, obras e contos
E aprendérnolas íxa!*

*A profe de inglés
Di que non falemos.
Como non obedecemos,
pannos un cero.*

*A profe de mates
Sempre está rifando
Ela so quere
Que vaiamos mellorando.*

*Cando ven Sali
Cos seus tacóns
Se ven de mal xenio
¡Cambiamos de cor.!*

*Dona Bea di
Que nos asinen a axenda
ó chegar á casa
Atragántasenos a merenda*

*Cando a profe de reli
Nos le a Biblia
Con tanta ilusión...
Perdemos todas a
concentración.*

*A profe Ana
Cántalles ús meniños
Todas os días
Contos divertidos.*

*Os lemas fixemos
O debuxo tamén
Esforzámonos moito
Esperamos que vaian ben*

*Na hora de plástica
Moito nos divertimos
Facemos moitas cousas
Con moito mimo.*

*Ó noso colexio
De lonxe viñeron
Romanos e arxentinos
O galego aprenderon.*

*Este ano
Nenos novos viñeron,
Son estranxeiros
Pero bos compañeiros.*

*Ó colexio atacou
Un virus fatal
Agora semella
Hospital Central.*

*Toén- Vs.- Merca
Non puidemos xogar
Todos vomitando...
Houbo que o aprazar.*

*Con dieta estivemos
Máis dunha semana...
Comendo arracoiño
Con poucas ganas.*

*Xa temos web
imira que ben!
Tela que ver
Está ata Efrén.*

*Unha páxina web
Agora temos
Imos ser coñecidos
Polo mundo enteiro.*

*Moitos traballos
Colgamos nela
Debuxos, historias...
itela mariñeira!*

*Vente maio amigo
Que xa imos indo
Cara a primavera
¡ixa está ben de frío!!!*



Lorenzo Varela

Xesús Lorenzo Varela naceu o 10 de agosto do 1916 a bordo dun barco camiño de La Habana (Cuba), onde os seus pais Perpetua e José Ramón, procedentes do concello de Monterroso (Lugo), se dirixían como emigrantes..




Cando tiña 3 meses de idade, a súa familia volta de novo a Monterroso onde vivirá ate os 7 anos. No ano 1923, seus pais emigran a Bos Aires, onde fai estudos primarios e bacharelato. No ano 1931 volta para Lugo.

Nesta etapa comezan as súas inquedañas literarias e políticas. Dedicá os seus primeiros versos a "Julita" e pasa a formar parte da Federación de Mocidades Galeguistas.

No ano 1934 remata o bacharelato e marcha para Madrid onde estuda a carreira de Filosofía e Letras. Aquí colabora na revista *P.A.N.* (Poetas Andantes e Navegantes) e no xornal *El Sol*, onde coñece os escritores Rafael Dieste, García Lorca, Pablo Neruda e Valle-Inclán.



Cando remata a guerra, no ano 1939 ten que emigrar a México onde pasa a formar parte da redacción da revista *Taller*. En 1940, crea, xunto co seu amigo Antonio Sánchez a revista *Romance*. Neste ano publica o seu primeiro poemario *Elegías Españolas*. Colabora en distinta publicación como e crea *Sur* a revista *De Mar a Mar* e *Torres de Amor*.






Entre 1943 e 1945, xunto con Luís Seoane funda a revista *El Correo Literario*. En 1944, publica *Catro poemas para catro grabados*. En 1955, publica *Lonxe* e en 1960 volta a Galicia, onde traballará na revista *Industrias Pesqueiras*. En 1961 publica *Homenaje a Picasso*

En 1976, regresa de Arxentina e establece en Madrid onde morre o 25 de novembro de 1978..


**Día das
Letras
Galegas**

Homenaxe a Lorenzo Varela,


Poeta



CEN ANOS DE CIENCIA FICCIÓN



Nestes días cúmprese o centenario da morte de **XULIO VERNE**, un dos máis célebres autores da literatura de ciencia ficción. El é o autor de obras tan famosas como:



Vinte mil leguas de viaxe submarina, Da Terra á Lúa, Volta ó mundo en oitenta días, Viaxe ao centro da Terra, Cinco semanas en globo, Capitán de quince anos...

OUTROS CLÁSICOS:

CONAN DOYLE: Naceu o 22 de maio de 1859 en Edimburgo. Este autor inglés é o creador do gran detective "Sherlok Holmes". Tamén escribiu "Parque Xurásico" e "O Mundo perdido".

O mundo perdido: Relata as aventuras de Lord John Roxton os profesores Challenger e Sumerlee e o reporteiro Malone no mundo perdido. A Misión é sobrevivir, escapar e recoller probas de que ese mundo existe.

HERBERT GEORGE WELLS: Foi recoñecido por moitos como un dos maiores cerebros do século XX. A súa obra máis destacada é: "A Guerra dos Mundos"

AUTORES GALEGOS DE CIENCIA FICCIÓN



Un dos primeiros autores galegos de ciencia ficción é **RAMÓN CARIDE OGANDO** que naceu en Cea en 1957. Escribiu entre outras. "Soños eléctricos", "Perigo Vexetal", "Ameaza na Antártica" e "O Futuro Roubado".

"Perigo Vexetal":

Said e Sheila son dous irmáns orfos que viven, no ano 2075, só, nun muíño en Galiza.

Deseñan alfombras por ordenador. Todo comeza cando, a través da pantalla, chégalles información dun supervexetal que revolucionará o mundo....



AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ: Mestre e licenciado e na actualidade traballa no IES Os Rosais de Vigo. Ten acadado numerosos premios e forma parte do Gabinete de Estudos. As súas obras máis importantes, neste eido, son: "As Flores Radiactivas" e "O Laboratorio do Doctor Nogueira".



PACO MARTÍN: Vive en Lugo. Xogaba á billarda e ó fútbol pero o que máis lle gustaba era ler tebeos e libros. Cando medrou fíxose mestre e niso anda. Destacan estas obras: "Un Robot Pequeno" e "Andanza e amizades dun robot pequeno".

"Un Robot Pequeno":

Trata dunha nena que atopa a un robot na porta da súa casa e fixéronse moi amigos...



ENTRE NÓS, EN GALEGO

No Certame de poesía, Adrián González Méndez recitou o poema de Celso E. Ferreiro, **“Deitado Frente ao mar”**
No concurso cartel e lema os tres traballos premiados na fase centro foron:

Educación infantil e primeiro Ciclo:
Carolina Álvarez Álvarez. 2º curso.
“Eu son galega de pés á cabeza”



Segundo ciclo :
“Co galego eu medro. Co galego nós medramos”

Terceiro Ciclo:
Juan Calviño Crispín. 6º Curso.
“Hai cousas que co paso do tempo nunca se esquecen... O Galego”



Anuncio TV: O Galego non ten prezo. Noel Álvarez Álvarez

Anuncio de Radio. CLASE DE 2º CICLO.

Jennifer: Bos días

Andrés: Que tal durmiches?

Jennifer: De marabilla. A perna solta

Marta Araújo: Prepároche unhas torradas con mel ou con manteiga?

Jennifer: Prefíroas con mel e tamén un zume de laranxa

Marta Araújo: Dende o almorzo ate a cea pon o galego na túa mesa

Gabriel: **O GALEGO ALIMENTO NATURAL. SENTARACHE BEN.**

Ao certame de música presentamos a canción: **Un desexo de Paz** (alumnos de 2º, 5º e 6º)

FAJA EN GALEGO



Marta




Andrés



Martín

¿COM EU CHE
A LINGUA
O GATO?



Alba




Miguel

Miau, miau, miau...

Visita a nosa web e atoparás + traballos e xogos



This is a whale.
It's grey.
It's very big.
It can swim.
It can't run or fly.
It lives in the ocean.
It eats small fish.
It doesn't eat fruit or meat.
It's got a big tail.
It's got no legs.



Marcio

This is a squirrel
It's small
It can't swim
It can climb the trees and run
It doesn't eat meat
It eats fruits, mushrooms, nuts, chestnuts, hazelnuts ...
It doesn't live in the ocean
It lives in the wood
It's got a long tail
It's got four legs
It's got big teeth to eat dried fruit



Juan

Animals

This is a wolf
It's grey and white
It can't fly
It can run
It doesn't eat insects
It eats meat
It doesn't live in the ocean
It lives in the wood

Francis



This is a snake. The snake lives in the wood and in the jungle. It hasn't got legs.
Some snakes are small, others are big.
They eat mice, but they don't eat leaves.
Snakes are green, yellow, black ...
They can swim but they can't fly.

Adrián



This is a monkey. It's got 4 legs. It's brown. It lives in the jungle. It can jump and climb trees.
It doesn't eat meat. It eats bananas.

Miriam




ZAMPA TEMPOS

Busca 10 países da Unión Europea

C	H	I	P	R	E	X	V	I	F	A	S	Q
F	K	I	T	X	M	O	K	S	U	L	Q	S
X	G	G	X	B	D	W	Ñ	U	Z	E	N	I
I	R	L	A	N	D	A	N	E	R	M	W	C
F	E	C	P	D	G	V	H	C	X	A	I	V
V	C	I	Z	S	C	M	Z	I	X	Ñ	E	B
B	I	C	P	R	A	B	C	A	A	A	S	K
I	A	U	X	A	U	S	T	R	I	A	P	Z
P	O	R	T	U	G	A	L	E	L	N	A	E
A	R	S	N	O	R	A	B	I	C	A	Ñ	V
F	R	A	N	C	I	A	I	I	L	C	A	H
S	A	E	L	C	D	N	H	C	A	F	C	I
B	Z	E	M	O	P	P	O	L	O	N	I	A

Axuda a Efrén a atopar o seu saxo.



Relaciona estes refráns

Tres aves pasan o mar

As nove con día dán

Un día de abril

Non atopo o que busco

Entre lusco e fusco

O cuco, a rula e o paspallás

En San Xoán

Van os burros onde non deben ir


Atopa as doce diferenzas



NA LEMBRANZA DE MANUEL MARJÁ

O MEU CARRO CANTA BEN
NON PODE CANTAR MELLOR
O MEU CARRIÑO CANTAREIRO
MEU CARRIÑO
CANTADOR!

Estefanía



O ARCO DA VELLA
DE LUZ FEITO É
E RESULTA UN MILAGRE
QUE SFGA DE PÉ!

Gabriel


Curso 4º



O ARADO


LEVA TEMÓN E CHAVELLA
E UNHA RELLA FURADORA
FEITA DUNHA LATA VELLA!

Marcio



A LÚA
A SEÑORA LÚA
INDA ESTÁ SOLTEIRA
A SEÑORA LÚA
A LÚA LUEIRA

Lucas




A VACA
A SENHORA VACA
TRABALHA SEM TABA,
MANTÉM A SUA CASA,
DÁ LECHE PARA CASA

Jennifer



A LEBRE

CORRE, LEBRE; CORRE, LEBRE
E FUXE PRO TEU BURATO
ONDE TE ESTA AGUARDANDO
COM IMPACIENCIA, O LEBRATO



O GALO

EU TENO UN GALO GALEIRO
QUE TEN A CRISTA ENCARNADA,
POLAINAS COM MEDIA BRANCA
E PEITUGA COLORADA.

Miriam



O LOBO
VEN O SENHOR LOBO
FIQUE MEDO, MENINHO!
POLO MONTE ABAIXO
SE AFUSTA O CAMINHO
Aitor



de primeira man

Neste curso participamos, de novo no deporte escolar, nas categorías de benxamín e alevín mixto. Xogamos case tódolos partidos na nosa cancha porque, por fin, tiñamos unha pista en condicións

Os resultados deste ano non foron tan bos coma os do curso pasado, pero aínda así, os benxamíns e os alevíns só perdemos dous partidos, un cos de Gomesende e outro cos de A Valenzá.

Estamos contentas/os por haber participado e poder así coñecer a outros rapaces e rapazas.

Querémoslle dar as grazas ó colexio de Gomesende por invitarnos ó xantar, como xa o fixera o curso anterior o colexio de A Merca. Nós tamén agasallamos coas comida e uns pínchos ós colexios que víñeron xogar connosco.



O campo a través foi a primeira actividade na que participamos. Neste curso, como ven sendo habitual, corremos no circuíto da área recreativa de Mugueimes. É un lugar moi chulo, cheo de árbores autóctonas, á beira do encoro das Cunchas.

A participación do noso colexio foi moi numerosa. Nesta actividade clasificáronse para a segunda fase: Estefanía, Marta Araújo, Aitor, Andrés, Noel, Marta Alén, David, Alba e Marcio.




O campionato de bádminton

celebrouse no Colexio de Ramirás o día 31 de marzo. Nesta actividade deportiva participamos os colexios de Celanova, Bande, Ramirás e Toén.


Para ser a primeira vez que participamos non quedamos nada mal. Na primeira fase, do noso grupo, quedamos tres nenos e dúas nenas eliminadas, pasando a segunda fase Noel, Marcio e Aitor.



Cancións para xogar



Rato que te pilla o gato, rato
que te vai pillar.
Se non te pilla esta noite, mañá
xa te pillará
Modo de xogar: Un neno é o
gato e outro é o rato. O gato
persigue ao rato arredor da
roda. Os da roda deixan entrar
ao rato, pero non ao gato.



- Eu perdín unha ovelliña, din, don,
dero. Eu perdín unha ovelliña, din,
don, dan.
- Onde a perdiches? Din, don, dero.
Onde a perdiches? Din, don, dan.
- Perdina no bosque, din, don, dero.
Perdina no bosque, din, don, dan.
- Que roupa levaba? Din, don, dero.
Que roupa levaba? Din, don, dan.
- Levaba (describese a roupa) din,
don, dero...
Modo de xogar: Todos nunha roda,
menos un (que perdeu a ovelliña),
xiran en sentido inverso. O neno/a da
roda que leve a roupa descrita, sae da
roda e canta co que está fora.



Debaixo un botón, ton, ton. Que
encontrou Martín, tin, tin.
Había un saltón, ton, ton. Ai
que pequechín!, chin, chin. Ai
que pequechín!, chin, chin. Era
aquele saltón, ton, ton. Que
encontrou Martín, tin, tin.
Debaixo un botón.
Modo de xogar: por parellas,
cantase a canción e en ton, ton
danse palmas e en tin e chin
golpéanse as palmas coas do
compañeiro.



O patio desta casa é particular,
móllase se chove, coma os demais.
Agáchate, e vólvetes a agachar,
que os agachadiños non saben
bailar. Chocolate, molinillo,
corre, corre que te pillo. A
estirar, a estirar que o inverno
vai chegar.
Modo de xogar: xirase nunha
roda, facer o que se vai cantando.
En chocolate, molinillo berrar
achegándose ao medio.

HAI COUSAS QUE CO PASO DO TEMPO NUNCA SE ESQUECEN

1919
DECEMBER
1919



[Htp://centros.edu.xunta.es/ceipsacoeearce/cataventos](http://centros.edu.xunta.es/ceipsacoeearce/cataventos)

CATAVENTOS